

COMISIÓN ELECTORAL
ANEXO Á ACTA Nº2
RESOLUCIÓN DE CONSULTAS

A Comisión Electoral debatiu diferentes consultas trasladadas polo inscrito Javier Tesouro, adoptando as resolución que de seguido se reflicten para cada unha delas:

1.- Aceptaríase que unha persoa inscrita avale nun mesmo correo electrónico a varias persoas que pretenden candidatar-se?

Á vista do procedemento para candidatar-se no proceso de primarias que fixa o regulamento e indo ao espírito do mesmo para interpretar aquelas situacións que este non prevé a Comisión Electoral manifesta:

- a) O procedemento de prestación de aval é un acto individual entre unha persoa que aspira a ser candidata e unha que decide prestarlle a esta o apoio que existe o Artigo 14 do Regulamento de Eleccións Primarias de Ames Novo.
- b) O propio regulamento non contempla as formas de acreditar eses apoios, sendo unha decisión da Comisión Electoral, de acordo coas funcións que lle confire o Artigo 9, o xeito de facelo. Foi criterio desta Comisión manter as dúas formas que se habilitaron para o proceso electoral en que se elixiu a persoa que encabezará a lista.
- c) A fórmula habilitada é un formulario no que deben figurar os datos da persoa que se candidata e os das 10 persoas que lle prestan o aval. No propio formulario se establece que a sinatura física do formulario pode substituírse polo envío dun correo electrónico no que se manifeste con claridade esa prestación do aval á que fai referencia o mentado Artigo 14.
- d) Sen embargo, a prestación do aval mediante envío por correo electrónico non constitúe un procedemento diferente ao da recollida no formulario. O formulario segue sendo individual (un por cada persoa que pretende candidatar-se e a sinatura (sexa física ou enviada por correo electrónico) está vinculada única e exclusivamente a ese formulario cuxa presentación ningunha das persoas que pretenden presentarse pode omitir, mesmo se se dese o caso de que todos os seus 10 avais chegasen por correo electrónico.
- e) Sería, por tanto, a xuízo desta Comisión o procedemento idóneo desde o punto de vista regulamentario que cada aval que se envíe a un/ha candidata/o por correo electrónico ten que ser individualizado, en lugar de que se emitan varios avais de diferentes avalistas a un/ha mesmo/a candidato/a nunha soa mensaxe de correo, ou do envío dos avais a diferentes aspirantes a candidata/o por parte da mesma persoa nunha única mensaxe de correo.
- f) Non obstante o expresado no punto e) esta Comisión dará validez a todos aqueles avais nos que a vontade e identidade do avalista non ofrece dúbidas, mesmo se non cumpre os requisitos formais antes expresados coa fin de facilitar ata onde sexa posible, dentro dos límites do Regulamento, a participación tanto como elector coma elixible neste proceso de primarias.

2.- Como resolverá a Comisión o electoral o caso de que unha persoa teña prestado o seu aval a máis de 9 persoas que pretenden candidatar-se?

- a) Diante desta consulta a Comisión quer recordar que o límite de persoas ás que unha mesma inscrita pode avala está fixado en 9 polo Artigo 14 do Regulamento, non deixando espazo algún a interpretación ou dúbida.
- b) Reclama o inscrito que sería necesario coñecer os criterios cos que a Comisión resolvería esa hipotética situación. A iso a Comisión ten que manifestar que as súas funcións son velar polo cumprimento do Regulamento e a equidade e limpeza do proceso. Naturalmente, iso tamén implica resolver as incidencias que se produzan. Ora ben, non ten nin debe pronunciarse esta Comisión sobre incidencias hipotéticas que non se produciron nin se teñen por que dar. En calquera caso calquera anomalía que se produza, en calquera circunstancia, será resolta de acordo co que permita ou estableza o Regulamento, e que dita resolución será feita pública xunto cos argumentos utilizados para chegar á mesma.
- c) É función da Comisión Electoral resolver consultas sobre aspectos do Regulamento ou a súa aplicación que permitan ser interpretados, pero non sobre aqueles que no mesmo están claramente establecidos, como a cuestión que se lle somete neste caso.

3.- Figurarán na papeleta de votación, caso de que haxa candidaturas agrupadas ás que se refire o artigo 16, os nomes desas candidaturas ao lado do das candidatas que as integran?

- a) A este respecto a Comisión Electoral, neste momento só pode manifestar que o contido das papeletas electorais ven fixado polo Artigo 18 do Regulamento, dentro do Capítulo VIII "Sistema de votación", mentres que ass única referencia á posibilidade de candidaturas agrupadas están contidas no artigo 13 do

Capítulo VI “Persoas Candidatas á lista municipal” e no artigo 16, parágrafo 2º do capítulo VII “campanha electoral”.

- b) En calquera caso neste momento do procedemento estamos aínda dentro do prazo de recepción e validación de candidaturas. No plan de traballo da Comisión está previsto que, unha vez rematado este e pechado o prazo de alegacións, a Comisión se reunirá para proclamar as candidaturas definitivas, elaborar os procedementos e medios de Ames Novo que se porán a dispor das persoas candidatas e fixar lugares e horarios de votación dentro das tres xornadas habilitadas para tal fin polo calendario electoral. Non será, en ningún caso, antes dese momento que a Comisión decida sobre a confección física das papeletas e a data en que se efectuará o sorteo que determine a orde en que as candidatas/os figurarán na mesma, tal e como figura no Artigo 18 do Regulamento.

Asdo: Carlos Villaverde

Asdo: Fran Parga

Asdo: Quique Costas